

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE SEGUIMENTO DAS
RECOMENDACIÓNS ÁS
FUNDACIÓNS SANITARIAS PÚBLICAS
(MEDICINA XENÓMICA, INGO E FEGAS)**

ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	5
II. OBXECTIVOS E ALCANCE.....	5
III. METODOLOXÍA.....	6
IV. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS	8
IV.1. ANÁLISE DA FP MEDICINA XENÓMICA. EXERCICIO 2010	8
IV.2. ANÁLISE DA FP INGO. EXERCICIO 2011	16
IV.3. ANÁLISE DA FEGAS (ACTUAL ACIS). EXERCICIO 2012	24
V. CONCLUSIÓNS.....	30
ALEGACIÓNS	31
CONSIDERACIÓNS TRÁMITE DE ALEGACIÓNS.....	43

ABREVIATURAS

ACIS	Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde
AFEDAP	Plan de formación para o Emprego das Administracións Públicas
CA	Comunidade Autónoma
CHUS	Complexo Hospitalario Universitario de Santiago
EOXI	Estrutura Orgánica de Xestión Integrada
Fegas	Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria
FP	Fundación Pública
FPGMX	Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
Ingo	Instituto Galego de Oftalmoloxía
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
OCEX	Órgano de Control Externo
PEF	Plan estratéxico de formación
RPT	Relación de postos de traballo
Sergas	Servizo Galego de Saúde
TRLCSP	Texto refundido da Lei de contratos do sector público

I. INTRODUCCIÓN

O Pleno do Consello de Contas, de acordo coas competencias que lle outorga a súa Lei reguladora 6/1985, do 4 de xuño, na súa reunión do 19 de decembro de 2016 aprobou o Plan de actividades para o ano 2017, incluíndo para a área do Sergas o informe de “Seguimento das recomendacións incluídas nos informes de fiscalización da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX), da Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (Ingo) e da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas)”.

A necesidade da comprobación do cumprimento das recomendacións formuladas en informes anteriores é unha esixencia derivada da normativa reguladora do Consello de Contas, das recomendacións do Parlamento e das propias directrices de traballo establecidas polo Pleno.

Neste sentido, a Lei 8/2015 establece no seu artigo 2.3 que este órgano realizará un seguimento e dará conta do grao de cumprimento das recomendacións emanadas dos informes emitidos.

Resulta pertinente subliñar o expresado nos “Principios e Normas de Auditoría” aprobados en 1991 polos órganos públicos de control externo de España ao poñer de manifesto “que para unha maior efectividade das recomendacións, é importante que se leve a cabo un seguimento posterior das medidas adoptadas para corrixir as deficiencias detectadas”.

Tal como expresan as normas internacionais de auditoría, o seguimento dos informes de fiscalización constitúe a fase última do ciclo de planificación, execución e seguimento das auditorías de cumprimento.

As recomendacións son unha consecuencia das fiscalizacións e o seu cumprimento por parte dos entes auditados implica unha mellora da xestión dos recursos públicos, unha vontade de mellorar a xestión e un compromiso coa transparencia.

Neste informe expónse o resultado da análise realizada polo Consello de Contas sobre o seguimento das recomendacións formuladas nos respectivos informes de fiscalización ás entidades anteriormente referidas.

II. OBXECTIVOS E ALCANCE

O obxectivo deste informe é determinar se se aplicaron adecuadamente as recomendacións formuladas por este Consello nos informes de fiscalización seleccionados, tomándose como referencia para o seu seguimento as contestacións remitidas polos entes auditados, así como a análise da correspondente documentación; non se trata dun informe de fiscalización, senón que é consecuencia das precedentes auditorías realizadas cuxa relación é a seguinte:

- Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (exercicio 2010)
- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (exercicio 2011)
- Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (exercicio 2012).

No ámbito temporal, o cumprimento das recomendacións está referido ao final do exercicio 2016, por ser a conta desta anualidade a última rendida ante o Consello de Contas ao momento de realizarse as comprobacións que se reflicten neste informe.

III. METODOLOXÍA

Para sintetizar o estado de execución das recomendacións, en función das manifestacións expresadas e, fundamentalmente, da documentación achegada polos entes auditados, partiuse da clasificación definida pola Guía práctica de fiscalización dos OCEX: GPF-OCEX 1735, relativa ás recomendacións e o seu seguimento, que establece no seu apartado V.16 a seguinte clasificación:

1. *Total ou substancialmente aplicada:* Se o ente fiscalizado adoptou as medidas correctoras, razoables e proporcionadas na esfera das súas competencias, que permiten considerar que a recomendación surtiu os seus efectos e non quedou pendente de resolución ningunha cuestión de importancia significativa. Nestes casos entenderase que a recomendación se cumpriu razoablemente. Ademais obtívose evidencia suficiente que acredita as medidas adoptadas.

2. *Aplicada parcialmente:* Se o ente fiscalizado tomou en consideración as recomendacións e realizou actuacións encamiñadas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficiencias que se puxeron de manifesto, pero soamente nun estado incipiente, nunha parte delas ou nalgúns aspectos, o que non permite considerar que a recomendación se cumpriu razoablemente.

3. *Non aplicada:* Se o ente fiscalizado non realizou as actuacións encamiñadas a corrixir as deficiencias, debilidades ou insuficientes que se puxeron de manifesto ou ben o fixo insuficiente ou inadecuamente de forma que a recomendación segue sen aplicarse.

3.1. *Non contestada:* Inclúense aquelas recomendacións sobre as que o ente fiscalizado, en función da súa resposta ao seguimento efectuado, non se pronunciou nin expresa ni tanxencialmente, é dicir, non contestou ao seguimento efectuado individualmente da recomendación, ou o fixo de forma xenérica, pondo de manifesto as medidas levadas a cabo pero sen vinculalas a unha recomendación concreta. Non se puido obter evidencia de que se tomou algunha acción correctora.

3.2. *Tomada en consideración:* Si o ente fiscalizado tomou en consideración a recomendación, mesmo recoñece a súa pertinencia e está de acordo con seu contido, a pesar de non aplicala.

3.3. *Non compartida*: Si o ente fiscalizado non a tomou en consideración posto que discrepa coa recomendación efectuada polo OCEX no seu informe de fiscalización.

4. *Sen validez no marco actual*: Inclúese aquelas recomendacións que, aínda que válidas e pertinentes cando se emitíu o informe e para o exercicio fiscalizado, e aínda sendo aceptadas e recoñecidas polo ente fiscalizado, non se poden aplicar no contexto actual, ao non se dar as circunstancias que o permitan ou a mesma casuística que entón, é dicir, non se dan no momento actual os supostos dos feitos en función dos cales se efectuó a recomendación no pasado. A recomendación volveuse en inaplicable.

5. *Non verificada*: Inclúense nesta categoría as recomendacións que, aínda que aceptadas ou mesmo aplicadas e corrixis polo ente fiscalizado, necesitarían obrigatoriamente dalgunha proba adicional para contrastar o manifestado polo ente fiscalizado que exceden o alcance previsto no traballo.

Respecto das recomendacións que non foron contestadas, estas consideráronse en todos os casos como non asumidas polo ente fiscalizado.

O ámbito da actuación está referido ás 28 recomendacións recollidas nos correspondentes informes das tres fundacións incluídas nesta revisión.

En desenvolvemento das actuacións seguiuuse o seguinte procedemento:

a) Elaboración dun cuestionario, para ser cubertos polos órganos xestores das entidades, para cada unha das recomendacións, referido ao estado de implementación destas, ou no seu caso, ás causas que motivaron a non aplicación da recomendación, procedendo á súa análise, incluíndo a explicación das actuacións que se están realizando polos entes fiscalizados para o seu cumprimento.

A finalidade da actuación consistiu en analizar, á vista das manifestacións obtidas, o desenvolvemento das medidas adoptadas plasmadas documentalmente, avaliándose se se deduce que se puxeron en marcha mecanismos para liquidar as irregularidades atopadas ou se se prevé que o farán no futuro. Así, ao efectuarse o seguimento das recomendacións sobre a base das declaracións manifestadas polos entes fiscalizados, a análise céntrase na valoración da coherencia das súas contestacións para a súa posterior constatación.

b) Realización en cada un dos centros das comprobacións materiais, mediante a análise da pertinente documentación, verificando a súa correspondencia coas contestacións contidas no cuestionario cumprimentado polas entidades fiscalizadas.

IV. SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS

Neste apartado recóllense os resultados do exame da aplicación polas tres entidades fiscalizadas, das 28 recomendacións contidas nos respectivos informes de fiscalización (FPGMX: 10, FP Ingo: 12 e Fegas: 6). Cabe subliñar que ningunha das tres fundacións formulou alegacións, no seu momento, ás recomendacións contidas nos referidos informes que lles foron remitidos, polo que as mesmas deviñeron en definitivas.

IV.1. ANÁLISE DA FP MEDICINA XENÓMICA. EJERCICIO 2010

1ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Non foi posible determinar o grao de consecución dos obxectivos globais da Fundación no exercicio fiscalizado, xa que tanto na memoria de actividades como na do orzamento do exercicio non se cuantificaron as previsións da totalidade das actividades asistencial e de investigación.

Recomendación:

Na Memoria de actividades, así como na do orzamento do exercicio deberán cuantificarse as previsións da actividade asistencial e de investigación.

Grao de implantación da recomendación:

No exercicio 2016 obsérvase que tanto na memoria de actividades como na do orzamento, figuran desagregadas e cuantificadas as actividades asistenciais e a de investigación, aínda que se comproba que na memoria dos orzamentos non están discriminados os datos relativos ás previsións de gastos de cada unha das actividades.

Estado de execución:

Aplicada totalmente.

2ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Constatouse a inexistencia no Sergas dunha carteira única de servizos no ámbito xenómico, así como dunha normativa reguladora desta materia na que se establezan, entre outros aspectos, os criterios obxectivos e uniformes que deberán reunir os pacientes incluídos no ámbito de cobertura do Sergas para a realización das referidas probas.

Recomendación:

O Sergas deberá establecer unha normativa na que se se regulen aspectos tales como unha carteira única de servizos no ámbito xenómico e os criterios obxectivos e uniformes a reunir polos pacientes para ter dereito ao acceso a este tipo de servizos co fin de conseguir o obxectivo estratéxico de acceso dos cidadáns ás probas xenómicas útiles que precisen en condicións de equidade.

Grao de implantación da recomendación:

A execución desta recomendación excede as competencias da propia fundación, ao facer referencia á regulación de aspectos relacionados coas probas xenómicas no ámbito da CA.

A entidade fai referencia á Orde SSI/2065/2014, do 31 de outubro, do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, referida á carteira de servizos comúns do Servizo Nacional de Saúde, cuxo contido non se refire ao obxecto da recomendación.

Por outra banda, da documentación achegada pola entidade despréndese a existencia dunha proposta da Fundación de data 17 de maio de 2014, relativa a unha carteira de servizos estruturada por tipos de probas, na que se establezan os criterios de selección dos pacientes, así como as tarifas para aplicar para cada proba, co obxecto da súa inclusión no contrato-programa para 2015.

Nos acordos de prórroga do contrato-programa para os anos 2015 e 2016 formalizados, respectivamente, o 30 de decembro de 2014 e o 17 de decembro de 2015, non se fai referencia á incorporación da mencionada proposta da entidade nin á regulación dos aspectos contidos na recomendación, polo que non se levou a cabo a súa execución.

Estado de execución:

Non aplicada.

3ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O informe non recolle unha conclusión axustada especificamente a esta recomendación.

Recomendación:

Dado que a carteira de servizos a prestar pola fundación ao Sergas, segundo o contrato-programa, abrangue a todos os seus centros, estes deberían realizar a totalidade das probas xenómicas incluídas na referida carteira na FP Xenómica, en lugar de facelo en laboratorios externos, co fin de conseguir unha maior homoxeneidade das probas realizadas nos distintos centros, así como unha racionalización do gasto derivado.

Grao de implantación da recomendación:

Na acta 2/2014 do Padroado facíanse constar aspectos tales como a distorsión que xera no sistema de saúde a aplicación na EOXI da Coruña de criterios diferentes aos pacientes da CA, así como a potenciación do Servizo de Xenética do devandito centro, e, así mesmo, ponse de manifesto a derivación da realización de probas e estudos a laboratorios externos por parte das EOXI da Coruña e de Vigo; a este respecto propónse a necesidade de formular unha proposta no primeiro trimestre de 2015, sobre a centralización da realización de probas con criterios homoxéneos e de calidade para toda a CA.

Analizadas as actas posteriores do Padroado non se observa a formulación da referida proposta, nin a adopción de medidas ao seu respecto, o que evidencia a non execución da recomendación no ámbito competencial correspondente.

Por outra banda, segundo a acta 1/2016 do Padroado do 27 de xuño de 2016, parte da actividade de oncohematoloxía da Fundación derivase a laboratorios externos por insuficiencia de persoal da entidade.

Á vista do exposto dedúcese a falta de execución da recomendación polo Servizo Galego de Saúde (Sergas).

Estado de execución:

Non aplicada.

4ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Tanto o contrato-programa inicial como as sucesivas prórrogas anuais limítanse a fixar o importe máximo a transferir á Fundación no correspondente exercicio económico e as súas variacións mediante addendas, así como a carteira de servizos a prestar e as tarifas a aplicar, coas súas actualizacións, sen que se faga referencia a aspectos tales como a previsión do volume de actividade e de continxencias cubertas, ou requisitos de calidade dos servizos prestados e o nivel de obxectivos e actividades a alcanzar.

Recomendación:

O contrato-programa subscrito co Sergas debería recoller aspectos tales como a previsión do volume de actividade, continxencias cubertas, requisitos de calidade dos servizos prestados e nivel de obxectivos a alcanzar.

Grao de implantación da recomendación:

Nos acordos de prórroga do contrato-programa para os anos 2015 e 2016 non se fai referencia aos aspectos contidos na recomendación, polo que non se materializou a súa execución.

Estado de execución:

Non aplicada.

5ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O sistema de financiamento da actividade recollido no contrato-programa, mediante dotacións orzamentarias dos centros do Sergas nun subconcepto do capítulo II de gastos, corresponde a unha actividade concertada realizada con medios alleos, suposto que non se dá no caso da Fundación ao tratarse dunha entidade do sector público autonómico encadrada no marco de xestión directa da súa actividade.

Recomendación:

Deberíase establecer un sistema de financiamento da actividade que non dependera das dotacións orzamentarias dos centros do Sergas, senón da actividade da fundación prevista para o respectivo exercicio económico.

Grao de implantación da recomendación:

O acordo de prórroga do contrato-programa subscrito co Sergas para o ano 2016 modifica a aplicación orzamentaria do financiamento da fundación que se pasa a realizar a través do capítulo IV do orzamento de gastos en lugar do II anterior. Polo que respecta ao financiamento da actividade, segue dependendo da facturación das probas requiridas polos centros do Sergas estando condicionada pola suficiencia das dotacións de créditos orzamentarios dos centros de xestión, sendo polo tanto un financiamento dependente.

Estado de execución:

Non aplicada.

6ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O importe acumulado pendente de cobro aos centros do Sergas ao final do exercicio era de 444.515 euros, superando nun 121% o existente ao seu comezo.

O importe da débeda de terceiros ao final do exercicio era de 69.751 euros o que implica que un 33% da facturación estaba pendente de cobro.

Recomendación:

Deberían adoptarse medidas tendentes a conseguir un axuste temporal entre os prazos de cobro e de pago coa finalidade de minorar os saldos pendentes de cobro e, con isto, as tensións de tesouraría.

Grao de implantación da recomendación:

No seguinte cadro figuran os datos relativos aos prazos medios de cobro dos Debedores da *actividade propia* e os prazos medios de pago das *Débedas a curto prazo* no período 2010-2016.

Ano	Prazo medio de cobro- Debedores actividade propia (días)	Prazo medio de pago- Débedas a curto prazo (días)
2010	55,63	23,54
2011	110,96	25,11
2012	130,42	30,61
2013	104,93	20,17
2014	70,34	18,74
2015	104,10	18,32
2016	125,16	17,78

Destes datos despréndese que mentres que os prazos medios de pago son inferiores a 31 días, cunha propensión para diminuír, sendo no último exercicio o máis reducido, os prazos medios de cobro, agás en dous exercicios, superaron os 100 días, duplicándose o dato no último exercicio con respecto ao inicial, debido fundamentalmente ao incremento da débeda do Sergas, tal como se detalla a continuación.

A evolución dos saldos pendentes de cobro desde o exercicio 2010 ao 2016 é a que se mostra a continuación:

Tipo	Saldo final a 31/12						
	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Debedores Sergas	(1) 432.415	551.231	426.622	182.862	356.350	163.717	1.021.105
Resto debedores	67.911	126.231	96.540	38.575	35.677	46.428	28.533
Cientes dubidoso cobro	25.632	43.053	76.355	180.127	188.913	88.496	91.586
Outros debedores da actividade propia	62.000	149.500	7.500	32.000	50.000	37.636	12.636
Provisións	-25.632	-42.593	-75.895	-176.978	-185.763	-88.047	-91.137
Total debedores activ. propia	562.326	827.422	531.122	256.586	445.176	248.230	1.062.723

(1) A diferenza co importe que figura na conclusión (12.100 euros) débese ao cómputo indebido de 1.840 euros correspondente a debedores alleos ao Sergas e á non inclusión da débeda do CHUS (13.940 euros)

En relación cos datos do exercicio 2016 cabe precisar que a débeda do Sergas (1,021 millóns de euros) incluíuse na epígrafe do balance *Debedores comerciais e outras contas para cobrar* en lugar de *Debedores da actividade propia*.

Segundo estes datos os referidos saldos experimentaron unha evolución irregular, alcanzando un mínimo de 248 miles de euros ao final do exercicio 2015, destacando o incremento experimentado en 2016 ata alcanzar un importe de 1,063 millóns de euros. Nesta evolución é determinante a compoñente *Debedores do Sergas*, observándose que os seus saldos evolucionaron paralelamente ao total dos saldos pendentes de cobro, coincidindo o seu máximo co correspondente á débeda do Sergas en 31.12.2016.

Á vista do exposto dedúcese que no período analizado (2010-2016), só nos exercicios 2013 e 2015 lograronse diminuír os saldos de *Debedores da actividade*, incrementándose notablemente a finais de 2016 sen que, por outra banda, se lograran reducir os elevados prazos medios de cobro.

Estado de execución:

Non aplicada.

7ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O cadro de persoal da Fundación conta con 22 prazas, 16 delas ocupadas mediante contratos de interinidade e as seis restantes por persoal indefinido. Por outra banda, o persoal investigador a 31.12.2010 era de 17 efectivos.

Recomendación:

Deberanse convocar as prazas ocupadas por interinos en praza vacante co fin de dar cumprimento ao establecido no apartado 2 do artigo 4 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Grao de implantación da recomendación:

O cadro de persoal a 31.12.2010, exercicio ao que se refire a recomendación, contaba con 22 prazas dotadas orzamentariamente, das que seis estaban cubertas por persoal fixo e os 16 restantes por persoal interino en praza vacante.

A 31.12.2016 o referido cadro está constituído por 25 prazas dotadas e ocupadas na súa totalidade, seis con persoal fixo e os 19 restantes por interinos en praza vacante, sen que conste a realización de convocatoria ningunha para a cobertura das prazas vacantes ocupadas interinamente, incrementándose estas últimas en tres efectivos.

Estado de execución:

Non aplicada.

8ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

A tramitación dos contratos que superan a contía de contrato menor non se axustou aos procedementos establecidos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Recomendación:

Nos procedementos de contratación de bens e servizos debe quedar acreditado que a adxudicación se realice de forma idónea e nos mellores termos de economía, eficiencia e eficacia, así como axustarse ás fases procedimentais establecidas na lexislación vixente.

Grao de implantación da recomendación:

A conclusión recollida no informe baséase no contido deste, no sentido de que nos contratos que superaron a contía de contrato menor non foron obxecto de publicidade, fundamentándose nunha suposta exclusividade da prestación do servizo, prescindíndose, por outra banda, dos trámites esixidos pola normativa aplicable (prego de cláusulas administrativas, prescricións técnicas, etc.).

A verificación do grao de cumprimento desta recomendación levouse a cabo mediante a análise dos cinco expedientes de contratación, dúas de servizos e tres de subministracións, formalizados no exercicio 2016.

- Tres dos expedientes, cuxo importe representou o 45,1% do total das licitacións do exercicio 2016, foron tramitados polo procedemento negociado por exclusividade, ao amparo do establecido no artigo 170 d) da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), no que se establece que este procedemento utilizarase cando "por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só se poida encomendar a un empresario determinado".

Da análise da documentación acreditativa da exclusividade, obsérvase que en dous dos expedientes, esta se xustifica mediante certificacións das empresas que resultaron adxudicatarias e, no terceiro, mediante unha declaración da Fundación.

A utilización deste procedemento de licitación supón unha excepción aos procedementos ordinarios previstos no artigo 138 do TRLCSP, no sentido de limitar a concorrência e anular a publicidade, xa que só se convida a participar na licitación a unha empresa determinada, polo que a exclusividade se debera acreditar, de forma fidedigna.

- Outros dous expedientes tramitáronse por procedementos aberto e negociado, respectivamente, presentándose á licitación no primeiro deles unha única empresa que resultou adxudicataria e no segundo catro, das que tres foron rexeitadas quedando a restante como adxudicataria sen se chegar a valorar a súa oferta económica.
- Na totalidade dos expedientes de contratación obsérvase a coincidencia entre os importes de licitación e os de adxudicación, argumentándose que a razón desta coincidencia estriba en que no momento da preparación dos pregos de cláusulas administrativas, solicítanse ofertas que son as que determinan o importe da licitación.

Aínda que se observan avances nesta materia, ao axustarse as contratacións ás fases procedimentais establecidas na lexislación vixente, non se acredita unha substancial mellora en canto aos criterios seguidos na adxudicación.

Estado de execución:

Aplicada parcialmente.

9ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

A Fundación carece dunha Unidade de Almacén encargada de xestionar as adquisicións de bens e os consumos das distintas unidades, sendo distribuídos ao momento da súa recepción o que implica unha debilidade no control das existencias.

Recomendación:

Deberá existir unha Unidade de Almacén encargada de xestionar e controlar as peticións, existencias e consumo de bens.

Grao de implantación da recomendación:

A entidade continúa carecendo no seu organigrama dun sistema de control de almacenamento destinado a xestionar as adquisicións de bens e o control dos consumos das distintas unidades, realizándose a distribución dos mesmos ao momento da súa recepción, o que leva unha debilidade no control das existencias.

Estado de execución:

Non aplicada.

10ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

A Unidade de Administración conta cun único efectivo o que supón unha inadecuada segregación de funcións.

Recomendación:

Coa finalidade de acadar unha adecuada segregación de funcións, ademais de diminuír a súa carga de traballo, sería recomendable que a Unidade de Administración contase con máis dun efectivo.

Grao de implantación da recomendación:

A pesar de tratarse este tema como punto da orde do día en varias reunións do Padroado, non variou a situación descrita na recomendación, persistindo a insuficiencia de persoal na Unidade de Administración ao recaer a totalidade da xestión nun único efectivo, polo que calquera eventual ausencia deste repercute no adecuado funcionamento da Unidade.

Estado de execución:

Non aplicada.

IV.2. ANÁLISE DA FP INGO. EJERCICIO 2011

1ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O único organigrama aprobado polo Padroado é o recollido na memoria de actividades do exercicio, no que figuran dúas áreas dependentes da dirección técnica: a) Xestión e administración e b) Asistencia médica, sen que conste o seu desenvolvemento, nin as funcións dos seus responsables.

Por outra banda, tampouco consta o informe conxunto das direccións xerais da Función Pública e de Orzamentos, tal e como se establece no artigo 10.p) dos Estatutos da FP Ingo.

Recomendación:

O padroado deberá aprobar o organigrama da Fundación, no que figuren as distintas áreas con indicación das funcións e responsabilidades dos seus integrantes, debendo contar co informe favorable das direccións xerais da Función Pública e de Orzamentos.

Grao de implantación da recomendación:

Na Memoria de actividades do exercicio 2016 aprobada polo Padroado da Fundación, figura incluído o organigrama da entidade no que se conteñen as distintas áreas e funcións de cada unha



delas; polo tanto cúmprese neste aspecto a recomendación; porén non consta a existencia do informe favorable daquel por parte das direccións xerais de Función Pública e de Orzamentos, tal como establece o artigo 10.p) dos Estatutos da Fundación aprobados polo Decreto 276/2001, do 27 de setembro.

Estado de execución:

Aplicada parcialmente.

2ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Dentro do obxecto xenérico da Fundación figura a investigación, observándose, porén, que no exercicio fiscalizado non se destinaron recursos destinados ao seu financiamento, a pesar de que na memoria dos orzamentos de 2011 se incluíu, entre os obxectivos estratéxicos e operativos, a investigación dedicada a potenciar a innovación.

Recomendación:

Dado que a investigación figura incluída nos Estatutos da Fundación, dentro do seu obxecto xenérico, deberán destinarse recursos financeiros para levar a cabo esta finalidade estratéxica.

Grao de implantación da recomendación:

A pesar de estar recollida a investigación como obxecto xenérico da fundación no artigo 5 dos seus Estatutos, no exercicio 2016 non se observa a existencia de dotación orzamentaria ningunha destinada ao financiamento desta actividade estratéxica.

Estado de execución:

Non aplicada.

3ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Tanto o contrato-programa inicial subscrito o 1 de outubro de 2002, como as súas sucesivas prórrogas, limítanse a fixar o importe máximo a transferir polo Sergas e as tarifas aplicables aos distintos conceptos asistenciais, sen que se faga referencia ás previsións do volume de actividade nin ao nivel de obxectivos a alcanzar, en contra do previsto no Decreto 276/2001.

A modificación da prórroga do contrato-programa para 2011, mediante a addenda 13ª, pola que se minorou, con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro dese ano, o importe global a transferir polo Sergas á Fundación, pasando de 1.523 miles de euros a 1.390 miles de euros, supuxo unha

redución do financiamento do 8,7% e orixinou unha minoración da actividade prevista orzamentariamente nun 15,4%, aínda que a propia addenda incluía o mantemento do nivel de actividade, o que non foi posible debido a que a porcentaxe de redución dos prezos non foi suficiente para absorber a totalidade da minoración do financiamento.

Recomendación:

O contrato-programa subscrito co Sergas debería incluír a previsión do volume de actividade e o nivel de obxectivos a alcanzar, e non só o importe do financiamento, cuantificando en función dese nivel o importe a transferir polo Sergas, e non á inversa como ocorreu mediante a formalización no mes de agosto da addenda 13ª ao contrato-programa, pola que se reduciu con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro, o financiamento da actividade xa realizada e cobrada, comportando a falta de financiamento da actividade correspondente aos meses de novembro e decembro por terse esgotado o máximo previsto para o exercicio 2011.

Grao de implantación da recomendación:

O contrato-programa subscrito co Sergas, correspondente ao exercicio 2016, só inclúe o importe máximo a transferir á FP Ingo, con cargo á actividade a realizar durante o exercicio e as tarifas a aplicar, sen que neste documento figure a previsión do nivel de obxectivos a alcanzar e o volume de actividade, en función do cal se debería determinar a contía do financiamento, de acordo co establecido no artigo 24 do Decreto 276/2001.

Estado de execución:

Non aplicada.

4ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Do importe do financiamento correspondente ao contrato-programa de 2011, modificado pola addenda 13ª (1.390 miles de euros), o Sergas detraeu 501 miles de euros en concepto de servizos prestados polo Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) á Fundación, polo que a contía para aboar ao Ingo mediante transferencias mensuais foi de 889 miles de euros, importe que se fixo efectivo nas mensualidades de xaneiro a outubro de 2011, sen que se percibisen cobros relativos ás de novembro e decembro a pesar de que, segundo a análise mensual da actividade, o número de probas realizadas nestes dous meses foi de 760, ascendendo o seu importe a 262 miles de euros.

A compensación de gastos ao CHUS fundaméntase no establecido na cláusula sétima do contrato-programa subscrito en 2002. Porén, na prórroga para 2011 non se fixa o importe da compensación, nin se fai referencia á forma de determinación dos custos incorridos pola Fundación.

Recomendación:

O contrato-programa deberá incluír a forma de determinación dos custos incorridos pola fundación, derivados dos servizos prestados polo CHUS, así como a contía máxima anual a detraer polo Sergas do financiamento do contrato-programa por este concepto.

Grao de implantación da recomendación:

Tal e como se expuxo con anterioridade, o contrato-programa vixente en 2016 só contén o importe global do financiamento e as tarifas para aplicar non incluíndo, polo tanto, os aspectos económicos referidos na recomendación.

Estado de execución:

Non aplicada.

5ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O gasto facturado polo Ingo ao Sergas correspondente ás cirurxías de vitrectomía e desprendemento de retina, obtido pola aplicación das tarifas contidas no contrato-programa, ascendeu a 244 miles de euros no exercicio 2011, sendo o importe facturado polo Policlínico á Fundación só de 102 miles de euros.

Recomendación:

Sería conveniente analizar a posibilidade de que a actividade referida á cirurxía de vitrectomía e desprendemento de retina fose concertada directamente polo Sergas, á vista de que o gasto que lle factura o Ingo pola vía do contrato-programa é moi superior ao pagado por este ao Policlínico La Rosaleda pola prestación dos referidos servizos.

Grao de implantación da recomendación:

No exercicio 2016 continuaba en vigor o convenio co Policlínico La Rosaleda para a prestación de servizos de desenvolvemento da actividade de cirurxía de vitrectomía e desprendemento de retina, sen que conste a realización dun estudo destinado a avaliar a conveniencia da súa concertación directa polo Sergas.

Estado de execución:

Non aplicada.

6ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

A memoria das contas anuais non contén un inventario dos elementos patrimoniais coa valoración dos bens, dereitos e obrigas da Fundación, de acordo co establecido no artigo 36.2 da Lei 12/2006 e no 25 da Lei 50/2002.

Recomendación:

A Fundación deberá levar un libro inventario dos elementos patrimoniais, onde conste a valoración dos bens, dereitos e obrigas integrantes do seu balance, de conformidade co establecido nas leis 50/2002 e 12/2006.

Grao de implantación da recomendación:

O inventario figura incluído na memoria das contas anuais de 2016 aprobadas polo Padroado.

Estado de execución:

Aplicada totalmente.

7ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

No balance non figura a epígrafe de existencias debido a que o material funxible adquirido distribúese aos destinatarios ao momento da súa recepción, carecendo a Fundación dun almacén, o que implica unha debilidade no control das existencias de bens.

Recomendación:

Deberán establecerse procedementos de control dos consumos e existencias de bens funxibles, coa finalidade de que as súas peticións respondan a necesidades reais debidamente contrastadas.

Grao de implantación da recomendación:

Aínda que os pedidos se efectúan singularizadamente, sendo revisados e autorizados polo director, non hai constancia da implantación dun procedemento de control de movementos, mediante o cal se poida realizar un seguimento sistematizado das compras, consumos e destinatarios dos bens funxibles.

Estado de execución:

Non aplicada.

8ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O 45,5% dos postos de traballo da Fundación está ocupado por persoal destinado á realización de tarefas administrativas. A pesar diso, nos últimos catro anos recorreuse á contratación temporal de persoal administrativo, na modalidade de acumulación de tarefas, durante o 64% do referido período.

Recomendación:

Dada a elevada porcentaxe de persoal destinado á realización de tarefas non asistenciais (45,5% do cadro de persoal), debería procederse a unha reestruturación administrativa das funcións deste persoal, e a implementación dun software adecuado para a xestión coordinada das distintas áreas, co obxecto de acadar unha xestión máis económica e eficiente.

Grao de implantación da recomendación:

A 31.12.2011, exercicio ao que se refire a recomendación, o número de prazas ocupadas do cadro de persoal era de 11, correspondendo 5 delas a persoal sanitario e 6 a persoal destinado a tarefas administrativas. A 31.12.2016 mantíñase o número de prazas de persoal sanitario, reducíndose nunha praza o de persoal administrativo, non apreciándose que se acometera a correspondente reestruturación.

Polo que respecta á implementación dun software para a xestión coordinada das distintas áreas, non se obtivo constancia da súa implantación.

Estado de execución:

Non aplicada.

9ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

No que respecta ao axuste das retribucións á normativa aplicable, o informe de fiscalización do exercicio 2011 non contén unha conclusión referida ao contido da recomendación.

En canto ás contratacións temporais de persoal realizadas carecen do preceptivo informe favorable que deben emitir conxuntamente as direccións xerais de Función Pública e de Orzamentos.

Recomendación:

As retribucións do persoal deberán axustarse en todos os casos á normativa aplicable e, tanto estas coma as contratacións temporais, deberán contar cos preceptivos informes favorables das direccións xerais da Función Pública e Orzamentos.

Grao de implantación da recomendación:

Nas fichas de haberes do exercicio 2016, obsérvase que se continúan rexistrando os conceptos retributivos *cirurxía cataratas*, *cirurxía vitrectomía* e *axudantía cirurxía vítreo*, non regulados na Orde de confección de nóminas. Trátase de conceptos correspondentes a programas especiais por prestación de servizos fóra da xornada normal de traballo.

Polo que respecta ás contratacións temporais, as realizadas en 2016 foron na modalidade de substitución, non requiríndose polo tanto, o informe das direccións xerais de Función Pública e Orzamentos a que se refire a recomendación.

Estado de execución:

Aplicada parcialmente.

10ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

A tramitación dos contratos que superan a contía de contratos menores, non conteñen as fases procedimentais previas á adxudicación, o que supón a vulneración dos principios de publicidade e concorrência formalizándose, nalgúns casos, informes de exclusividade con posterioridade á adxudicación dos contratos, e prorrogándose por períodos que superan o prazo de vixencia fixado orixinariamente, en contra do previsto no artigo 279 da Lei 30/2007.

Recomendación:

Os contratos de servizos e subministracións realizados pola Fundación, deberán axustarse na súa tramitación á totalidade das fases procedimentais contidas na Lei 30/2007, de contratos do sector público, cumprindo os principios de publicidade e concorrência e garantíndose a súa adxudicación á oferta máis vantaxosa dende os puntos de vista técnico e económico.

Grao de implantación da recomendación:

A Fundación reconece que, aínda non aplicando a recomendación, tomouna en consideración.

Estado de execución:

Non aplicada.

11ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Os contratos de servizos e subministracións foron aprobados por órgano non competente, ao non constar delegación expresa da competencia por parte do Padroado no director técnico da entidade, tal como esixe o artigo 10.j) dos Estatutos da Fundación.

Recomendación:

Os contratos deberán ser aprobados polo órgano competente, sen que a súa duración, incluídas as prórrogas, supere o prazo máximo previsto no artigo 279 da Lei 30/2007.

Grao de implantación da recomendación:

Ao non se obter a documentación requirida para poder comprobar o cumprimento da recomendación, este non puido ser constatado.

Estado de execución:

Non aplicada. Non contestada.

12ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Ao final do exercicio 2011 a tesouraría da entidade representaba o 95,6% do seu activo total e o 97,2% do activo corrente. Os saldos atopábanse distribuídos en catro contas bancarias, correspondéndolle á conta operativa do BBVA o 68,15% e á do BSCH o 31,4% destes. Non hai constancia documental da realización de conciliacións bancarias periódicas.

No contrato correspondente á conta formalizada co BBVA no ano 1995, só estipúlase un tipo de interese do 1% TAE para saldos inferiores a 6.010 euros, non establecéndose os tipos para aplicar para importes superiores, a pesar de que o saldo medio do exercicio superou os 2 millóns de euros e o tipo calculado que se aplicou, situouse ao redor do 1,1%, moi inferior aos vixentes de mercado.

Recomendación:

Deberá establecerse unha adecuada xestión da tesouraría, no senso de reducir o número de contas bancarias, realizar conciliacións, negociar periodicamente as condicións de rendibilidade para adaptalas ás vixentes no mercado, e manter un nivel adecuado de fondos, destinando o excedente á adquisición de inmovilizado que permita incrementar cuantitativa e cualitativamente a actividade constitutiva do obxecto social da Fundación, co conseguinte axuste dos recursos humanos.

Grao de implantación da recomendación:

No exercicio 2011 os saldos atopábanse distribuídos en catro contas bancarias, mentres que en 2016 existían nove, observándose que seis delas tiñan por finalidade a operativa diaria da Fundación e dúas correspondían a depósitos vencidos e sen movementos.

Polo que respecta a realización de conciliacións periódicas dos datos bancarios cos contables, maniféstasenos que son realizadas mensualmente, aínda que non hai constancia documental da súa realización.

A fundación a 31.12.2016 rexistraba no seu balance un saldo de tesouraría de 3,407 millóns de euros, incrementando o existente no exercicio 2011 nun 1,1%, mentres que o seu inmovilizado material en 2011 tan só representaba o 1,5% do seu activo total, porcentaxe que en 2016 alcanzou o 3,2%. O exposto pon de manifesto a persistencia dun saldo excesivo de tesourería e o incremento de contas bancarias.

Estado de execución:

Non aplicada.

IV.3. ANÁLISE DA FEGAS (ACTUAL ACIS). EXERCICIO 2012

Con base ás previsións contidas na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autorizouse a creación da Axencia en Materia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios, como axencia pública autonómica adscrita á Consellería competente en materia de sanidade e asumindo os medios persoais e materiais que lle correspondían á Fegas, ao Servizo da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias da Dirección Xeral de Innovación e Xestión de Saúde Pública, e ás unidades da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde con competencias en materia de formación, investigación e innovación todas elas suprimidas ao momento da creación da Axencia, e integradas nela, sen que supoña incremento do gasto público.

Así mesmo, o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e se aproban os seus Estatutos, establece que esta axencia asume as competencias e medios persoais e materiais que lle corresponden á Fegas e, mediante a Resolución da Consellería de Sanidade do 21 de decembro de 2015, faise pública que a data da súa posta en funcionamento será o 1 de xaneiro de 2016.

Neste sentido e, polo que respecta á vixencia das recomendacións contidas no informe de fiscalización da Fegas do exercicio 2012, cabe sinalar que no mesmo se poñía de manifesto que aquelas se deberían ter en conta pola referida axencia no que resultase de aplicación.

1ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O plan de actuación que elabora o Padroado carece de utilidade dado que a programación anual da formación do persoal sanitario vén determinada polo Sergas e non está dispoñible ata principios de cada ano polo que a Fegas non coñece ata ese momento a actividade a desenvolver nin o financiamento coa que contará, extremo este último que se agrava respecto do Plan AFEDAP, cuxa contía se descoñece ata mediados do exercicio.

Recomendación:

A Fegas debería coñecer, antes do comezo de cada exercicio, o importe do financiamento do que vai dispoñer para poder levar a cabo unha adecuada planificación da súa actividade.

Grao de implantación da recomendación:

A ACIS non dispuxo nos exercicios 2016 e 2017 dos correspondentes *plans de acción anuais* baseados nos recursos dispoñibles, segundo o establecido no artigo 81 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, polo que o único documento sobre o que cuantificar o importe do financiamento dispoñible, con carácter previo ao comezo do exercicio, para poder levar a cabo a planificación da súa actividade, era o anteproxecto de orzamento, aprobado polo Consello Reitor no exercicio precedente, suxeito a modificacións ata a súa aprobación definitiva.

Por outra banda, o importe do financiamento do Estado, correspondente ao Plan de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), destinado á formación continuada do persoal do sistema público de Galicia, representa a redor do 17% dos orzamentos de ingresos da Axencia, descoñecéndose o mesmo para o exercicio 2016, ata o 27 de maio dese ano, en que lle foi notificado mediante Orde da Vicepresidencia da Xunta.

Estado de execución:

Non aplicada.

2ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

O informe non inclúe unha conclusión axustada a esta recomendación.

Recomendación:

O plan de actuación debería recoller as previsións de todas as actividades a desenvolver, así como os obxectivos a alcanzar e os recursos e financiamento cos que vai contar.

Grao de implantación da recomendación:

A ACIS iniciou o seu funcionamento o 1 de xaneiro de 2016, establecendo o Decreto 112/2015 que o Consello Reitor da Axencia aprobaría a proposta do primeiro *contrato plurianual de xestión* no prazo de tres meses desde a súa constitución, tendo unha vixencia de catro anos coincidentes cos exercicios orzamentarios, debendo establecer para este período, entre outros aspectos, os recursos persoais, materiais e orzamentarios que cómpre achegar para a consecución dos obxectivos. Por outra banda establécese que, no marco do *contrato plurianual*, o Consello Reitor aprobará para cada exercicio un *plan de acción anual* sobre a base dos recursos dispoñibles, que comprenderá a definición dos obxectivos que se teñen que alcanzar no exercicio anual, a previsión de resultados a obter e os instrumentos de seguimento, control e avaliación a que se ten que someter a actividade da Axencia.

O primeiro contrato plurianual de xestión non se aprobou ata febreiro de 2018, o que implicou, por unha banda, o incumprimento do prazo da súa aprobación dentro dos tres meses seguintes á constitución da Axencia e, por outra, a ausencia dos *plans de acción anuais* correspondentes aos exercicios 2016 e 2017.

Estado de execución:

Non aplicada.

3ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Aínda que os Estatutos da fundación inclúen entre os seus fins a planificación, programación, financiamento e xestión das actuacións en materia de formación sanitaria, tanto a planificación como o financiamento non dependen da propia entidade, senón que veñen determinadas polo Sergas.

Recomendación:

Deberanse unificar na entidade as funcións de planificación, programación, xestión e coordinación das actividades formativas e de investigación no ámbito sanitario de Galicia.

Grao de implantación da recomendación:

Nos estatutos da ACIS, aprobados polo Decreto 112/2015 establécense como fins xerais e obxectivos básicos da axencia actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no sistema público de saúde de Galicia, así como o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Sergas, a coordinación e o impulso da actividade innovadora e a avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, así como a formación

continuada dos profesionais das institucións sanitarias. Estas finalidades desenvolveranse a través de obxectivos estratéxicos, entre os que figuran a elaboración da planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, a xestión do coñecemento no sistema público de saúde de Galicia e dos proxectos e programas de investigación en materia sanitaria, ou a avaliación das tecnoloxías, sistemas organizativos e servizos sanitarios, de acordo con criterios de seguridade, eficacia, efectividade e eficiencia, tendo en conta valores éticos, clínicos, económicos e sociais.

Para levar a cabo os obxectivos expostos, a axencia estrutúrase internamente en tres áreas (Xestión do coñecemento e talento, Desenvolvemento e innovación sanitaria e Planificación e promoción da investigación sanitaria), unha unidade (Asesoramento científico-técnico) e un servizo (Xestión), dependentes todas elas orgánica e funcionalmente da Xerencia da Axencia.

A creación da ACIS cos obxectivos referidos anteriormente e a integración nela da Fegas, o Servizo da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública e as unidades da Consellería de Sanidade e do Sergas con competencias en materia de formación, investigación e innovación que se suprimiron ao momento da creación da Axencia, implicou a centralización nesta entidade das funcións referidas na recomendación e, polo tanto, o seu cumprimento.

Estado de execución:

Aplicada totalmente.

4ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

A actividade executada no exercicio en relación coa programada polo Sergas foi a seguinte:

- a) Dun total de 1.161 cursos previstos só se realizaron 733 (63,1%), alcanzando só un 45,3% no Plan estratéxico de Formación (PEF) e un 55,4% no Plan de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP).
- b) O número de horas de formación realizadas supuxo o 60,4% das programadas.
- c) Os gastos directos da actividade docente representaron o 72,3% do importe previsto nos orzamentos.

Recomendación:

Procede un maior rigor na programación dos cursos, no senso de adecuala ao nivel de financiamento e ás necesidades reais de formación, evitando que case a metade dos programados non se levaran a cabo.

Grao de implantación da recomendación:

Tal como se puxo de manifesto con anterioridade, a inexistencia para os exercicios 2016 e 2017 dos correspondentes *plans anuais* nos que, baseándose nos recursos dispoñibles se definan os obxectivos a alcanzar e os instrumentos de seguimento, control e avaliación, impediu verificar a adecuación da programación dos cursos ao nivel de financiamento, indicándosenos ao respecto que o número de horas ofertadas a cada EOXI se realizou en función do orzamento estimado, o que non obvia a limitación exposta.

Segundo os datos contidos na acta do Consello Reitor de data 29 de xuño de 2017, relativos á actividade desenvolvida en 2016, o grao de execución da actividade formativa do plan PEF foi dun 79% e o do plan AFEDAP alcanzou o 94%, en tanto que os datos referidos ao informe de fiscalización do exercicio 2012 ao que aluden as recomendacións, foron, respectivamente, dun 45,3% e un 55,4%, o que evidencia unha mellora substancial destes parámetros.

Á vista do exposto pódese concluír que se adoptaron medidas correctoras encamiñadas a mellorar a situación.

Estado de execución:

Aplicada totalmente.

5ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

A conclusión é a mesma que a contida no apartado anterior.

Recomendación:

A programación dos cursos deberá responder á demanda formativa dos seus destinatarios.

Grao de implantación da recomendación:

A ausencia de plans *anuais* nos exercicios 2016 e 2017 supuxo unha limitación á análise da relación entre os cursos programados e a demanda formativa dos solicitados, tanto desde a óptica cuantitativa como cualitativa deles. Ao respecto infórmase que ACIS, con carácter previo á elaboración do catálogo de cursos a convocar para o exercicio económico, solicita a cada EOXI a remisión das necesidades formativas do seu persoal. De acordo cos datos achegados, referidos ao

exercicio 2016, obsérvase que o número total de alumnos solicitantes ascendeu a 36.633, mentres que as prazas convocadas foron 25.978, o que representou unha ratio de prazas convocadas sobre as solicitadas dun 70,9%, o que pon de manifesto un razoable grao de aceptación dos cursos e, polo tanto, unha adecuada adaptación da súa programación á demanda.

Estado de execución:

Aplicada totalmente.

6ª Recomendación e seguimento

Conclusión recollida no informe:

Non hai constancia documental da existencia dunha relación de postos de traballo (RPT) na que figure desenvolvida a distribución do persoal por áreas funcionais, con indicación dos requisitos necesarios para o desempeño dos postos.

Os máximos responsables das unidades de Xestión e Apoio Tecnolóxico e de Desenvolvemento e Innovación teñen a categoría de auxiliar administrativo-xefe de grupo.

Recomendación:

Sería conveniente a elaboración dunha RPT que distribúa ao persoal por áreas funcionais, con indicación dos requisitos necesarios para o desempeño dos postos. Así mesmo, debería procederse á modificación do cadro de persoal coa finalidade de que os postos de responsables de todas as Unidades administrativas pasen a ter a categoría de xefatura de servizo, coa consecuente adecuación das súas retribucións.

Grao de implantación da recomendación:

Segundo se nos manifesta, ao momento da realización destas actuacións (febreiro de 2018) aínda non estaba elaborada a RPT da Axencia. Porén todos os responsables das unidades administrativas teñen a categoría de xefatura de servizo, adecuándose as súas retribucións a esta categoría.

Estado de execución:

Aplicada parcialmente.

V. CONCLUSIONES

A continuación móstrase unha síntese do grao de cumprimento das recomendacións en cada unha das entidades, de acordo co exposto anteriormente:

Entidad	Número de recomendacións								
	Aplicadas			Non aplicadas				Non Aplicables ^(*)	Total
	Total o sustancialmente	Aplicadas parcialmente	Suma	Non contestadas	Tomadas en consideración	Non compartidas	Suma		
FPGMX	1	1	2		8		8		10
FP Ingo	1	2	3	1	8		9		12
Fegas (ACIS)	3	1	4		^(*) 1		^(*) 1	^(*) 1	6
Total	5	4	9	1	^(*)17		^(*)18	^(*)1	28

Destes datos cabe destacar os seguintes aspectos:

- As aplicadas só alcanzaron o 32,1% das totais, porcentaxe media que só foi superada pola Fegas (ACIS) que alcanzou o 66,7% das súas recomendacións. Cabe destacar que dentro das aplicadas, só o 55,6% foron totalmente, mentres que no restante 44,4% a corrección só foi parcial.
- A nivel global, el 64,3% non fueron aplicadas e o 3,6% non resultaron aplicables. Destaca a FPGMX cun grao de non aplicación do 80% e a FP Ingo cun 75%^(*).

^(*) Modificado como consecuencia das alegacións

ALEGACIÓNS



Rúa Ramón Baltar, s/n. (Hospital Provincial de Conxo - sótano).
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)
Envíos: Apdo. de Correos 923 de Santiago.
Tel. 981 534 105 - Fax 981 951 670
N.I.F.: G- 15.503.626
www.fundacioningo.org



CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

C/ Domingo Fontán, nº 7

15702 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

A/A de D^a Ana María Otero López

En relación ó seu escrito con N^o de saída 550 de data 30/04/2018 **Asunto: Alegacións ó Anteproxecto de Informe de seguimento das recomendacións á Fundación Pública Sanitaria Instituto Galego de Oftalmoloxía.**

D. Elío Díez-Feijóo Arias, na súa calidade de Director Técnico da Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía, abaixo firmante, achega xunto con este escrito as alegacións formuladas pola Fundación. Ditas alegacións remítense tamén en soporte informático ao enderezo de correo que se determinou para tal efecto no seu escrito.

Santiago de Compostela a 15 de maio de 2018

FUNDACIÓN PÚBLICA
INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Dr. D. Elío Díez-Feijóo Arias
Director Técnico

Dr. Elío Díez-Feijóo Arias

Director Técnico

Alegacións Fundación Pública INGO ó Anteproxecto de Informe de Seguimento do Consello de Contas de Galicia

Alegación á recomendación nº1

O organigrama actual do INGO, é presentado anualmente ó Padroado a través da "Memoria anual de actividades e xestión", memoria que é aprobada cada exercicio, e dende 2012 publicada na nosa WEB.

En consideración do Informe do Consello de Contas de data de 2018, e tendo en conta que entendemos que a consideración de "aplicada parcialmente" responde a que non existe este informe conxunto da Dirección Xeral de Orzamentos e de Función pública da estrutura e organigrama da Fundación, así como do Manual de tarefas e funcións que determinan as labores de cada departamento dentro do INGO, solicítase por escrito dende o INGO de novo dito informe con data 8/5/2018 a ditos organismos quedando á espera de dito informe por parte da Dirección Xeral de Orzamentos e de Función pública

Alegación á recomendación nº2

Os Estatutos do Ingo inclúen a actividade investigadora dentro dos seus obxectivos.

As restricións orzamentarias dos últimos anos non permitiron dispor de recursos específicos para esta finalidade. Non obstante, no marco da actividade médica ordinaria continuouse coa implantación de novas técnicas e procedementos que garanten unha asistencia sanitaria de primeiro nivel.

Sen embargo mantivéronse proxectos de investigación con outros entes investigadores sen repercusión económica para a Fundación.

Cando o INGO leva a cabo dita actividade de forma remunerada declárase adecuadamente na súa memoria fiscal separada da actividade asistencial tal coma marca a normativa.

Estruturalmente o INGO precisa do apoio dun centro maior para levar a cabo os proxectos, polo que actualmente existe unha colaboración coa Fundación Ramón Domínguez na que o INGO participa no deseño e execución da investigación clínica conxuntamente coa investigación de laboratorio realizada alí.

Os acordos desta colaboración (FISS; etc..) aparecen mencionados nas actas nº 41 e 42 dos Padroados do INGO correspondentes a 2015.

Alegación ás recomendacións nº3 e nº4

É correcto a análise que se fai. A actividade realizada para o Sergas foi superior á financiada por él, polo que se prestou asistencia sanitaria nos meses de novembro e decembro sen percibir retribución e con cargo ós fondos propios da Fundación.



Alegacións Fundación Pública INGO ó Anteproxecto de Informe de Seguimento do Consello de Contas de Galicia

Os obxectivos a acadar no INGO son os que marca globalmente o importe do contrato así como o seu desenglobe segundo o prezo de cada intervención, cifras que aparecen recollidas tanto no "Plan de obxectivos do ano" coma na "Memoria de orzamentos" coma na "Memoria de actividades anual" coma na publicación en Web, e comunicación ó Padroado.

Pola súa banda, os gastos correspondentes á actividade pactada co CHUS quedan recollidos e aprobados en Orzamentos e na presentación de contas. As modificacións dependen da dispoñibilidade de quirófanos cedidos para o programa de catarata y do custe farmacéutico.

O importe do contrato-programa asinado con SERGAS, págase á Fundación mensualmente en función duns parámetros de actividade realizada, menos gastos a transferir á Xerencia Integrada polos seus servizos ou prestacións, ben con carácter definitivo, ben con carácter estimativo e regularizado ó final do exercicio.

Por outra banda, mensualmente o INGO manda informes a varios departamentos (Sergas, Intervención, etc.) sobre a financiación detallada de doentes, prezos, localidades etc, atendidos, así como na Memoria anual un resumo detallado destes e unha xustificación dos doentes excedidos a través desta financiación que constitúen un gasto directo para o INGO e que se reflexa contablemente nas súas contas.

Que figure ou non no contrato programa do SERGAS non depende de INGO polo que non é posible o cumprimento unilateral por parte da Fundación desta recomendación. Non obstante, en consideración do Informe do Consello de Contas de data de 2018, comunicásenos dende a Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS a este respecto:

"Na actualidade, estase a traballar nun novo contrato-programa onde se recolle entre outras cousas: obxectivos a acadar, criterios de calidade, os servizos prestados polo CHUS e as súas compensacións, o réxime de transferencias e facturación, etc"

Alegación á recomendación nº5

Dentro da cirurxía de Vítreo-retina existen moitos mais custos a ter en conta que os de Hospitalización e quirófano do "Hospital Policlínico la Rosaleda" dos que fai referencia o Informe de Consello de Contas.

Polo que esta recomendación non pode ser considerada parcialmente sen ter en conta o resto de custos e o total de ingresos.

Ditos gastos a maiores son custos de estrutura, custos de recursos de persoal directo empregados na cirurxía de vítreo-retina (cirurxián+axudante) e custos de aprovisionamento da técnica entre outros, polo que a marxe da que se fala no informe é moito menor.

Alegacións Fundación Pública INGO ó Anteproxecto de Informe de Seguimento do Consello de Contas de Galicia

O Instituto Policlínico La Rosaleda é un centro concertado polo SERGAS e así se tivo en conta cando se asinou o contrato, aínda que, tendo en conta esta recomendación do Consello de contas, actualmente solicítase ó CHUS de novo, o poder realizar esta cirurxía nas súas instalacións.

Alegación á recomendación nº6

Non existe alegacións. Aplicada na súa totalidade

Alegación á recomendación nº7

Tódolos consumos da Fundación teñen un control documentado das necesidades e usos, incrementándose nos últimos anos ditos controis con máis modelos e sinaturas da Dirección. Tanto dende a xeración da súa necesidade a través da solicitude correspondente autorizada polo órgano de dirección (cada petición), coma, o control de recepción, uso e mantemento mediante pedidos, albarás, facturas, xustificantes de farmacia etc. Tódalas peticións e suministros son autorizadas así como asignadas analiticamente a una técnica precisa ou a custo de estrutura dentro do INGO.

Gran parte do funxible cirúrxico corresponde ó pacto de programas cirúrxicos asociados ó convenio co CHUS, por elo non hai apenas almacenamento.

O resto de material refírese a material de oficina case diario e o que se emprega na cirurxía refractiva e que se solicita segundo se vai empregar, non existindo existencia algunha.

Cremos que podería considerarse aplicado totalmente en canto existe un control total das compras, dos usos, dos destinos e dos pagos e non existen existencias.

Alegación á recomendación nº8

Dende 2015 ata 2017, o INGO non realizou contratacións por acumulación de tarefas, adecuándose xa as recomendacións do informe anterior.

É posible que non se trate dun problema de porcentaxe con respecto á plantilla sanitaria posto que un centro, por pequeno que sexa, non pode prescindir de postos mínimos esenciais para o seu funcionamento e cumprimento da normativa vixente. Non vemos necesaria a separación de traballo sanitario do que non o é, considerando a necesidade de estudialo como custe total e non coma custe administrativo.

A porcentaxe de persoal destinado a tarefas non sanitarias pode parecer desproporcionado se se compara con entidades onde non existe labor asistencial pero na



Alegacións Fundación Pública INGO ó Anteproxecto de Informe de Seguimento do Consello de Contas de Galicia

nosa Fundación, representa menos do 25% do custo total, o que quere dicir que o custo sanitario supón o 75% do custo laboral total.

Ainda así, existe redución de custo de persoal advo., na media xornada no posto de Grupo de xestión da función administrativa non realizándose nomeamento de substitución pola outra media xornada.

No INGO, aínda que non están en plantilla, teñen actividade parcial outros facultativos: dous no programa de contactoloxía, un en ecografía, e un en terapia fotodinámica que xeran carga administrativa adicional.

Por todo elo consideramos totalmente cumprida dita recomendación.

Alegación á recomendación nº9

Os nomeamentos e contratacións de carácter temporal na Fundación realizáronse previa comunicación á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, e solicítanse á lista de contratación do SERGAS baixo os trámites normativos.

Polo que ó noso xuício consideramos cumprida a normativa e legalidade na súa totalidade.

En relación aos conceptos retributivos de programas especiais realizados fóra do horario da xornada establecida, axústanse ás indicacións da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, de aplicación en toda a área sanitaria, que ademais foron comunicadas e aprobadas polo Padroado da Fundación na súa acta nº 39, de 30 de xuño de 2014.

O resto de retribucións de persoal responden a Orde de confección de nóminas, case nun 100% de persoal estatutario propietario, o que supón un custo fixo sen posibilidade de axuste.

Polo que consideramos aplicada na súa totalidade a recomendación.

Alegación á recomendación nº10

Continuaráse coa implantación das fases procedimentais da Lei de contratos do sector público, aínda que nas realizadas ata a data aplicáronse os principios de publicidade e concorrência.

Alegacións Fundación Pública INGO ó Anteproxecto de Informe de Seguimento do Consello de Contas de Galicia

Alegación á recomendación nº11

Entendemos, salvo mellor criterio, que o artigo 15.i) dos Estatutos da Fundación, faculta ó Director Técnico para a aprobación dos contratos, se ben, aqueles contratos que pola súa natureza ou importe non son habituais, sométense á aprobación do Padroado.

Alegación á recomendación nº12

A situación actual de crise do mercado e as condicións de non búsqueda de lucro dunha Fundación, fan que as condicións de rendibilidade financeira foran minguadas nos últimos anos.

En referencia as contas bancarias sen actividade mencionadas no Informe do Consello de contas, referir que mentres foi posible contratáronse os mecanismos necesarios para aproveitar dita rendibilidade, mediante a contratación de contas de depósitos remunerados, quedando esas contas a cero e sen actividade no momento de cese das condicións pactadas, e estando pechadas ditas contas actualmente.

Os saldos de tesourería representan a capacidade da Fundación para manter a súa actividade e afrontar as inversións e pagos necesarias para manter o nivel tecnolóxico dos seus medios, así coma, é unha medida da capacidade demostrada para prestar atención sanitaria de alta calidade a custos razoables.

Polo que consideramos que nun criterio de adecuada xestión, as contas bancarias existentes son necesarias e adecuadas para o bo funcionamento da Fundación e o óptimo aproveitamento dos recursos e así foi comunicado á Dirección de Recursos Económicos do Sergas e a diferentes Padroados

A xuicio de quen suscribe, o cuestionable non é ter unha situación financeira desafogada, senon o contrario, isto é, senon contar cos recursos suficientes para manter o nivel de calidade asistencial requerido.

Ó noso xuicio, nunha situación económica como a vivida nos últimos anos, caracterizada polos baixos xuros, crise bancaria e desconfianza xeralizada, o prudente dos xestores públicos non é concentrar os riscos, senon buscar minimizalos a través da súa diversificación, motivo polo cal sostemos coma máis axeitado, polo momento, manter as nosas dispoñibilidades liquidas en varias entidades bancarias.

O respecto das conciliación bancarias, estas fánse mensualmente coa contabilidade real modificándose e axustándose ditas partidas con asento contable correspondente se fixera falla o que non require de máis soporte documental que os extractos bancarios e os apuntes contables que xustifiquen ditos asentos e o informe de xestión se fose preciso. Todo elo documentado finalmente en contas anuais Auditadas, aprobadas e rexistradas.

Non vemos que exista correlatividade directa entre o saldo positivo de tesourería e obrigatoriedade de inversión ou redución de plantilla. O poder destinar o saldo de



Alegacións Fundación Pública INGO ó Anteproxecto de Informe de Seguimento do Consello de Contas de Galicia

tesorería a inversión debe ser estudiado e aprobado polo Órgano de goberno tras unha análise de que dita inversión veña a traducirse nun incremento real da actividade e conseguinte incremento dos ingresos.

En especial e tal coma se informa nas Contas Anuais dende 2016 debidamente auditadas e aprobadas polo Patronato toda a tesourería xestionase conforme á normativa legal e a Códigos de conducta aprobados no desenrolo da disposición adicional terceira da Ley 44/2002, de 22 de novembro, de Medidas de Reforma do Sistema Financiero, non habéndose producido desviacións respecto os criterios contidos en ditos código.



Asunto:

En contestación ao seu informe de data 30 de abril de 2018, remitimos as alegacións ao Anteproxecto de Informe de seguimento das recomendacións á Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Beatriz Allegue Requeijo

Xerente

Axencia Galega para a Xestión do Cofecemento en saúde.



A CONSELLEIRA. ÁREA DO SERGAS. CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.



Documento firmado digitalmente por:
Allegue Requeijo, Beatriz: 09/05/2018 16:11
X4G4-BOAH-OFLA-NF15-2587-S112-927



**ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS Á
FUNDACIÓN ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA.**

Observación:

A Fegas debería coñecer, antes do comenzo de cada exercicio, o importe do financiamento do que vai a dispoñer para poder levar a cabo unha adecuada planificación da súa actividade.

Alegación:

A Fegas (ACIS) non pode coñecer o importe do financiamento do Estado, correspondente ao Plan de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), destinado á formación continuada do persoal do sistema Público de Galicia con anterioridade xa que depende da data na que se aproben os Presupostos Xerais do Estado e da notificación mediante Orde da Vicepresidencia da Xunta.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

Beatriz Allegue Requeijo
Xerente
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.



Documento firmado digitalmente por:
Allegue Requeijo, Beatriz: 09/05/2018 16:11
A4C4-BOAH-DFJY-TW15-2587-5083-796



CONSIDERACIÓNS TRÁMITE DE ALEGACIÓNS

CONSIDERACIÓNS DO CONSELLO DE CONTAS NO TRÁMITE DE ALEGACIÓNS AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS VERTIDAS NOS INFORMES DE FISCALIZACIÓN DAS FUNDACIÓNS SANITARIAS PÚBLICAS XENÓMICA, INGO E ACIS

En cumprimento do disposto no artigo 47 do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017 (DOG núm. 46, do 7 de marzo de 2017), con data 30 de abril de 2018 deuse traslado ás respectivas fundacións do resultado provisional das actuacións practicadas ao obxecto de que puidesen ser formuladas as pertinentes alegacións ao anteproxecto de informe.

Con datas de 11 e 15 de maio de 2018, foron recibidas as alegacións das dúas últimas fundacións referenciadas no prazo outorgado, non sendo presentadas pola primeira.

Tras procederse ao seu exame e valoración, é preciso significar que, en xeral, constitúen alegacións aos informes de fiscalización definitivos emitidos no seu día e respecto dos cales, a pesar do seu emprazamento para iso, non foron formuladas asumindo por tanto o seu contido, sen que, en calquera caso, tales informes poidan ser obxecto de alteración. Porén, na medida en que indirectamente veñen afectar ao actual anteproxecto de informe son obxecto de consideración e análise.

Con especial referencia a cada unha das fundacións e seguindo a súa sistemática na exposición cabe significar o seguinte:

Ingo

Alegación á recomendación nº1

O organigrama actual do INGO, é presentado anualmente ó Padroado a través da “Memoria anual de actividades e xestión”, memoria que é aprobada cada exercicio, e dende 2012 publicada na nosa WEB.

En consideración do Informe do Consello de Contas de data de 2018, e tendo en conta que entendemos que a consideración de “aplicada parcialmente” responde a que non existe este informe conxunto da Dirección Xeral de Orzamentos e de Función pública da estrutura e organigrama da Fundación, así como do Manual de tarefas e funcións que determinan as labores de cada departamento dentro do INGO, solicítase por escrito dende o INGO de novo dito informe con data 8/5/2018 a ditos organismos quedando á espera de dito informe por parte da Dirección Xeral de Orzamentos e de Función pública

Réplica

Durante as actuacións non se obtivo constancia do informe conxunto favorable das direccións xerais de Función Pública e de Orzamentos respecto da estrutura organizativa e funcional da Fundación, ao que se refire a recomendación, nin se achegou con posterioridade, polo que persiste a falta de cumprimento do recomendado, tal como se recolle no anteproxecto, sen que a alegación o desvirtúe.

Alegación á recomendación nº2

Os Estatutos do Ingo inclúen a actividade investigadora dentro dos seus obxectivos.

As restricións orzamentarias dos últimos anos non permitiron dispor de recursos específicos para esta finalidade. Non obstante, no marco da actividade médica ordinaria continuouse coa implantación de novas técnicas e procedementos que garanten unha asistencia sanitaria de primeiro nivel.

Sen embargo mantivéronse proxectos de investigación con outros entes investigadores sen repercusión económica para a Fundación.

Cando o INGO leva a cabo dita actividade de forma remunerada decláraa adecuadamente na súa memoria fiscal separada da actividade asistencial tal coma marca a normativa.

Estruturalmente o INGO precisa do apoio dun centro maior para levar a cabo os proxectos, polo que actualmente existe unha colaboración coa Fundación Ramón Domínguez na que o INGO participa no deseño e execución da investigación clínica conxuntamente coa investigación de laboratorio realizada alí.

Os acordos desta colaboración (FISS; etc..) aparecen mencionados nas actas nº 41 e 42 dos Padroados do INGO correspondentes a 2015.

Réplica

O alegado non desvirtúa o exposto no anteproxecto de informe no que respecta ao cumprimento da recomendación.

Alegación ás recomendacións nº3 e nº4

É correcto a análise que se fai. A actividade realizada para o Sergas foi superior á financiada por él, polo que se prestou asistencia sanitaria nos meses de novembro e decembro sen percibir retribución e con cargo ós fondos propios da Fundación.

Os obxectivos a acadar no INGO son os que marca globalmente o importe do contrato así como o seu desenglobe segundo o prezo de cada intervención, cifras que aparecen recollidas tanto no “Plan de obxectivos do ano” coma na “Memoria de orzamentos” coma na “Memoria de actividades anual” coma na publicación en Web, e comunicación ó Padroado.

Pola súa banda, os gastos correspondentes á actividade pactada co CHUS quedan recollidos e aprobados en Orzamentos e na presentación de contas. As modificacións dependen da dispoñibilidade de quirófanos cedidos para o programa de catarata y do custe farmacéutico.

O importe do contrato-programa asinado con SERGAS, págase á Fundación mensualmente en función duns parámetros de actividade realizada, menos gastos a transferir á Xerencia Integrada polos seus servizos ou prestacións, ben con carácter definitivo, ben con carácter estimativo e regularizado ó final do exercicio.

Por outra banda, mensualmente o INGO manda informes a varios departamentos (Sergas, Intervención, etc.) sobre a financiación detallada de doentes, prezos, localidades etc, atendidos, así como na Memoria anual un resumo detallado destes e unha xustificación dos doentes excedidos a través desta financiación que constitúen un gasto directo para o INGO e que se reflexa contablemente nas súas contas.

Que figure ou non no contrato programa do SERGAS non depende de INGO polo que non é posible o cumprimento unilateral por parte da Fundación desta recomendación. Non obstante, en consideración do Informe do Consello de Contas de data de 2018, comunicásenos dende a Dirección Xeral de Recursos Económicos do SERGAS a este respecto:

“Na actualidade, estáse a traballar nun novo contrato-programa onde se recolle entre outras cousas: obxectivos a acadar, criterios de calidade, os servizos prestados polo CHUS e as súas compensacións, o réxime de transferencias e facturación, etc”

Réplica

Non contradín o reflectido no anteproxecto de informe.

Alegación á recomendación nº5

Dentro da cirurxía de Vítreo-retina existen moitos mais custos a ter en conta que os de Hospitalización e quirófano do "Hospital Policlínico la Rosaleda" dos que fai referencia o Informe de Consello de Contas.

Polo que esta recomendación non pode ser considerada parcialmente sen ter en conta o resto de custos e o total de ingresos.

Ditos gastos a maiores son custos de estrutura, custos de recursos de persoal directo empregados na cirurxía de vítreo-retina (cirurxián+axudante) e custos de aprovisionamento da técnica entre outros, polo que a marxe da que se fala no informe é moito menor.

O Instituto Policlínico La Rosaleda é un centro concertado polo SERGAS e así se tivo en conta cando se asinou o contrato, aínda que, tendo en conta esta recomendación do Consello de contas, actualmente solicítase ó CHUS de novo, o poder realizar esta cirurxía nas súas instalacións.

Réplica

O alegado non contradí o sentido do anteproxecto respecto ao cumprimento da recomendación.

Alegación á recomendación nº6

Non existe alegacións. Aplicada na súa totalidade

Réplica

Non constitúe unha alegación, confirmando o exposto no anteproxecto.

Alegación á recomendación nº7

Tódolos consumos da Fundación teñen un control documentado das necesidades e usos, incrementándose nos últimos anos ditos controis con máis modelos e sinaturas da Dirección. Tanto dende a xeración da súa necesidade a través da solicitude correspondente autorizada polo órgano de dirección (cada petición), coma, o control de recepción, uso e mantemento mediante pedidos, albarás, facturas, xustificantes de farmacia etc. Tódalas peticións e suministros son autorizadas así como asignadas analiticamente a una técnica precisa ou a custo de estrutura dentro do INGO.

Gran parte do funxible cirúrxico corresponde ó pacto de programas cirurxicos asociados ó convenio co CHUS, por elo non hai apenas almacenamento.

O resto de material refírese a material de oficina case diario e o que se emprega na cirurxía refractiva e que se solicita segundo se vai empregar, non existindo existencia algunha.

Cremos que podería considerarse aplicado totalmente en canto existe un control total das compras, dos usos, dos destinos e dos pagos e non existen existencias.

Réplica

Non cabe considerar cumprida a recomendación pois non se acreditou a implantación dun procedemento de control e rexistro do movemento de material funxible.

Alegación á recomendación nº8

Dende 2015 ata 2017, o INGO non realizou contratacións por acumulación de tarefas, adecuándose xa as recomendacións do informe anterior.

É posible que non se trate dun problema de porcentaxe con respecto á plantilla sanitaria posto que un centro, por pequeno que sexa, non pode prescindir de postos mínimos esenciais para o seu funcionamento e cumprimento da normativa vixente. Non vemos necesaria a separación de traballo sanitario do que non o é, considerando a necesidade de estudialo como custe total e non coma custe administrativo.

A porcentaxe de persoal destinado a tarefas non sanitarias pode parecer desproporcionado se se compara con entidades onde non existe labor asistencial pero na

nosa Fundación, representa menos do 25% do custo total, o que quere dicir que o custo sanitario supón o 75% do custo laboral total.

Ainda así, existe redución de custo de persoal advo., na media xornada no posto de Grupo de xestión da función administrativa non realizándose nomeamento de substitución pola outra media xornada.

No INGO, aínda que non están en plantilla, teñen actividade parcial outros facultativos: dous no programa de contactoloxía, un en ecografía, e un en terapia fotodinámica que xeran carga administrativa adicional.

Por todo elo consideramos totalmente cumprida dita recomendación.

Réplica

Non se xustifica terse cumprimentado o reaxuste do cadro de persoal administrativo recomendado adecuándoo ás necesidades reais, extremo que non foi obxecto de alegación no seu día.

Alegación á recomendación nº9

Os nomeamentos e contratacións de carácter temporal na Fundación realizáronse previa comunicación á Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, e solicítanse á lista de contratación do SERGAS baixo os trámites normativos.

Polo que ó noso xuicio consideramos cumprida a normativa e legalidade na súa totalidade.

En relación aos conceptos retributivos de programas especiais realizados fóra do horario da xornada establecida, axústanse ás indicacións da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, de aplicación en toda a área sanitaria, que ademáis foron comunicadas e aprobadas polo Padroado da Fundación na súa acta nº 39, de 30 de xuño de 2014.

O resto de retribucións de persoal responden a Orde de confección de nóminas, case nun 100% de persoal estatutario propietario, o que supón un custo fixo sen posibilidade de axuste.

Polo que consideramos aplicada na súa totalidade a recomendación.

Réplica

Non se acredita na alegación o cumprimento do recomendado, non téndose constatado os preceptivos informes aos que se fai referencia na recomendación.

Alegación á recomendación nº10

Continuaráse coa implantación das fases procedimentais da Lei de contratos do sector público, aínda que nas realizadas ata a data aplicáronse os principios de publicidade e concorrência.

Réplica

Alégase que se está en fase de implementación da recomendación o que non afecta ao exposto no anteproxecto de informe.

Alegación á recomendación nº11

Entendemos, salvo mellor criterio, que o artigo 15.i) dos Estatutos da Fundación, faculta ó Director Técnico para a aprobación dos contratos, se ben, aqueles contratos que pola súa natureza ou importe non son habituais, sométense á aprobación do Padroado.

Réplica

Faise referencia no informe e na conseguinte recomendación á autorización de delegación expresa por parte do padroado para a contratación en virtude do artigo 10.j) dos Estatutos da Fundación, non gardando relación con iso a alegación nin o precepto invocado.

Así mesmo, non foi facilitada a documentación xustificativa requirida achega do extremo obxecto de recomendación.

Alegación á recomendación nº12

A situación actual de crise do mercado e as condicións de **non** búsqueda de lucro dunha Fundación, fan que as condicións de rendibilidade financeira foran minguadas nos últimos anos.

En referencia as contas bancarias sen actividade mencionadas no Informe do Consello de contas, referir que mentres foi posible contratáronse os mecanismos necesarios para aproveitar dita rendibilidade, mediante a contratación de contas de depósitos remunerados, quedando esas contas a cero e sen actividade no momento de cese das condicións pactadas, e estando pechadas ditas contas actualmente.

Os saldos de tesourería representan a capacidade da Fundación para manter a súa actividade e afrontar as inversións e pagos necesarias para manter o nivel tecnolóxico dos seus medios, así coma, é unha medida da capacidade demostrada para prestar atención sanitaria de alta calidade a custos razoables.

Polo que consideramos que nun criterio de adeuada xestión, as contas bancarias existentes son necesarias e adecuadas para o bo funcionamento da Fundación e o óptimo aproveitamento dos recursos e así foi comunicado á Dirección de Recursos Económicos do Sergas e a diferentes Padroados

A xuízo de quen suscribe, o cuestionable non é ter unha situación financeira desafogada, senon o contrario, isto é, senon contar cos recursos suficientes para manter o nivel de calidade asistencial requerido.

Ó noso xuízo, nunha situación económica como a vivida nos últimos anos, caracterizada polos baixos xuros, crise bancaria e desconfianza xeralizada, o prudente dos xestores públicos non é concentrar os riscos, senon buscar minimizalos a través da súa diversificación, motivo polo cal sostemos coma máis axeitado, polo momento, manter as nosas dispoñibilidades líquidas en varias entidades bancarias.

O respecto das conciliacións bancarias, estas fánse mensualmente coa contabilidade real modificándose e axustándose ditas partidas con asento contable correspondente se fixera falla o que non require de máis soporte documental que os extractos bancarios e os apuntes contables que xustifiquen ditos asentos e o informe de xestión se fose preciso. Todo elo documentado finalmente en contas anuais Auditadas, aprobadas e rexistradas.

Non vemos que exista correlatividade directa entre o saldo positivo de tesourería e obrigatoriedade de inversión ou redución de plantilla. O poder destinar o saldo de

Réplica

Constátase o incumprimento da recomendación pois persiste o mantemento dun elevado número de contas bancarias; e por outra banda non se achegou ningún documento xustificativo do resultado das conciliacións bancarias practicadas.

ACIS

Observación:

A Fegas debería coñecer, antes do comenzo de cada exercicio, o importe do financiamento do que vai a dispoñer para poder levar a cabo unha adecuada planificación da súa actividade.

Alegación:

A Fegas (ACIS) non pode coñecer o importe do financiamento do Estado, correspondente ao Plan de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP), destinado á formación continuada do persoal do sistema Público de Galicia con anterioridade xa que depende da data na que se aproben os Presupostos Xerais do Estado e da notificación mediante Orde da Vicepresidencia da Xunta.

Respecto da súa única alegación en canto exposta ao texto do informe emitido no seu día, debe considerarse extemporánea, non podendo surtir efectos ao non terse formulado no prazo conferido para o trámite de alegacións tal como procedía; en consecuencia, de ningún xeito é susceptible de alterar o contido do informe de carácter definitivo xa emitido e ademais publicado.

Porén, no que respecta o actual anteproxecto de informe de seguimento, convén precisar que con independencia da oportuna conclusión de que a Fegas carece de coñecemento do importe de financiamento de que vai dispoñer ao comezo de cada exercicio co obxecto de planificar a súa actividade, debe considerarse non aplicable a recomendación por ser allea á competencia da fundación pois a demora no coñecemento do financiamento constitúe unha circunstancia que lle vén condicionada; polo tanto, non cabe imputarlle ningún incumprimento, modificando en tal sentido este anteproxecto de informe.



Domingo Fontán nº 7
15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 542 216
FAX: 981 542 210
E-mail: secret@ccontasgalicia.es
www.ccontasgalicia.es

MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,

CERTIFICO:

Que o Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión que tivo lugar o día 30 de maio de 2018, aprobou o **INFORME DE SEGUIMENTO DE RECOMENDACIÓNS ÁS FUNDACIÓNS SANITARIAS PÚBLICAS (MEDICINA XENÓMICA, INGO E FEGAS)**.

E para que así conste, expido a presente certificación en Santiago de Compostela a 1 de xuño de 2018.

Visto e prace

O conselleiro maior




Consello de Contas de Galicia
CONSELLEIRO MAIOR
José Antonio Redondo López




Consello de Contas de Galicia
SECRETARIA XERAL